

RESOLUCION DECANAL POLA QUE SE CONVOCAN ELECCIONS DE DECANO/A DA FACULTADE DE ECONOMIA E EMPRESA

Ao abeiro do que dispoñen os Estatutos da Universidade da Coruña e o Regulamento Electoral aprobado en Consello de Goberno de 20 de outubro de 2004, e modificado nas súas sesións do 30 de outubro de 2008 e de 4 de outubro de 2010, este decanato resolve convocar a elección a decano/a da Facultade de Economía e Empresa segundo as bases que se achegan con este escrito

1. Colexio Electoral

Será o colexio electoral a xunta da Facultade de Economía e Empresa.

2. Electores

Nas eleccións a decano ou director de centro son electores todos os membros da Xunta de Centro.

3. Elixibles

Nas eleccións a decano/a son elixibles os membros da xunta que sexan profesores e profesoras con vinculación permanente á universidade adscritos/as ao respectivo centro que foren proclamados candidatos de forma definitiva.

4. Prazo e forma de presentación das candidaturas

As candidaturas, dirixidas ao presidente da Comisión Electoral Central, presentaranse no rexistro do centro, no Rexistro Xeral da UDC ou nos rexistros auxiliares da Casa do Lagar no Campus de Elviña e o de Esteiro no campus de Ferrol do venres 21 de xaneiro ao martes 25 de xaneiro de 2011 até as 14.00h.. O escrito asinado polo candidato/a conterá os seguintes extremos:

- a) Nome e apelidos
- b) Nº do documento nacional de identidade
- c) Sinatura

A proclamación provisional de candidatos será feita polo centro. As reclamacións e recursos contra esta proclamación dirixidas ao presidente da Comisión Electoral Central, presentaranse no rexistro do centro, no Rexistro Xeral da UDC ou nos rexistros auxiliares da Casa do Lagar no Campus de Elviña e o de Esteiro no campus de Ferrol do 31 de xaneiro (luns) ao 1 de febreiro (martes) de 2011 até as 14.00h. A proclamación definitiva de candidatos, de non existir reclamacións ou recursos ou unha vez resoltos, será feita polo centro unha vez recibida a comunicación da Comisión Electoral Central.

5. Modo de se realizar a sesión para a elección

- a) A xunta de centro reunirase en sesión extraordinaria na data sinalada na convocatoria, sendo presidida polo decano en funcións, salvo que se presente como candidato, en cuxo caso será substituído polo membro de máis idade presente na xunta. O presidente concederá un espazo de quince minutos a cada candidato para estes exporen ante a xunta o seu programa e, a continuación, noutros quince minutos, responderen as preguntas que lles formularen os membros da xunta. Finalizadas as intervencións procederase á votación que será nominal e secreta.
- b) Nesta sesión actuará como secretario o que o for da Facultade de Economía e Empresa, salvo que se presente como candidato, en cuxo caso será substituído polo membro presente que designe o presidente.

6. Proclamación de decano ou director de centro

- a) Será proclamado decano/a da Facultade de Economía e Empresa aquela persoa candidata que en primeira volta obtiver o voto da maioría absoluta dos membros da xunta.
- b) No caso de non haber ningún candidato que obteña a maioría absoluta, procederase a unha segunda votación na mesma sesión da xunta, en que resultará elixido o candidato que obteña un maior número de votos.
- c) A proclamación provisional de candidato electo será feita polo secretario da xunta de facultade, co visto e prace do presidente, o mesmo día das eleccións, unha vez rematada a reunión, enviando copia desta por correo interno á Comisión Electoral Central. As reclamacións e recursos presentaranse nos Rexistros correspondentes nos dous días hábiles seguintes e serán resoltos pola Comisión Electoral Central. Tras recibir a comunicación da resolución, o secretario da xunta, co visto e prace do presidente, publicara a proclamación definitiva da candidatura electa, enviando copia desta por correo interno á Comisión Electoral Central.

CALENDARIO ELECTORAL

1. Convocatoria de eleccións por resolución decanal (artigo 14)
10 de xaneiro de 2011 (luns)
2. Publicación do censo provisorio (artigo 15)
11 de xaneiro de 2011 (martes)
3. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación do censo provisional (artigo 6)
Prazos de presentación: do 11 de xaneiro (martes) ao 17 de xaneiro (luns) de 2011 até as 14.00h
Prazos de resolución: do 18 de xaneiro (martes) ao 19 de xaneiro (mércores) de 2011.

4. Data de publicación do censo definitivo (artigo 6)
O 20 de xaneiro de 2011 (xoves)
5. Prazo de presentación de candidaturas (artigo 15)
Do venres 21 de xaneiro ao martes 25 de xaneiro de 2011 até as 14.00h.
6. Proclamación provisoria de candidatos (artigo 16)
Xoves 27 de xaneiro de 2011
7. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisoria de candidatos (artigo 16)
Prazos de presentación: do 31 de xaneiro (luns) ao 1 de febreiro (martes) de 2011 até as 14.00h
Prazos de resolución: do 2 de febreiro (mércores) ao 3 de febreiro (xoves) de 2011.
8. Proclamación definitiva de candidatos (artigo 16)
O 4 de febreiro (venres) de 2011
9. Campaña electoral (artigo 17)
Do 7 de febreiro (luns) ao 14 de febreiro (luns) de 2011
10. Data de votación en sesión extraordinaria de xunta de centro
O 16 de febreiro (mércores)
11. Proclamación provisoria de candidato electo
O 16 de febreiro (mércores)
12. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisoria de candidato electo
Prazos de presentación: do 17 de febreiro (xoves) ao 18 de febreiro (venres) de 2011 até as 14.00h
Prazos de resolución: do 21 de febreiro (luns) ao 23 de febreiro (mércores) de 2011.
13. Data de proclamación definitiva de candidato electo.
O 24 de febreiro (xoves)